



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2014.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 6 de xuño de 2014, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 21 DE MARZO DE 2014, E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 28 DE ABRIL E 15 DE MAIO DE 2014.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. EXPTE. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2014 E INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO DO CONCELLO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

EXPTE. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2014 E INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Suplemento de Crédito 01/2014), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e, especificamente, en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito SC 01/2014, polo que se suplementará crédito na partida orzamentaria 011.913 por importe de 168.674,37 euros, para amortizar o capital pendente do préstamo deste concello asinado o día 20 de xullo do 2004 co Banco de Crédito Local.

Segundo.- Financialo suplemento de crédito con cargo o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Terceiro.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mesía, 2 de xuño de 2014. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o que se vai facer e aplicar o superávit orzamentario de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, destinando unha parte do mesmo a cancelar a operación de préstamo que este concello ten actualmente, a pesar de que, como xa dixen en outras ocasións, paréceme abusivo que a cancelación custe o mesmo que os intereses dos vindeiros dez anos.

Debe darse conta así mesmo de que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, con esta modificación orzamentaria, cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. EXPEDIENTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2014 E INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO DO CONCELLO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

EXPTE. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2014 E INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Crédito extraordinario 01/2014), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e, especificamente, en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE 01/2014, mediante crédito extraordinario, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2014, por importe de 7.000,00€ na aplicación orzamentaria 934.311 (Administración financeira. Gastos de cancelación de préstamo), financiado parcialmente (2.400,00€) con remanente de tesourería para gastos xerais, e parcialmente (4.600,00€) con baixa de créditos de gastos da aplicación orzamentaria 453.61900 (Infraestruturas. Outras inversións de reposición) do presuposto vixente, non comprometida, e cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mesía, 2 de xuño de 2014. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que o que se vai facer e dotar na aplicación orzamentaria correspondente a cantidade suficiente para facer fronte aos gastos de cancelación do préstamo, que si ben non coñecemos con exactitude ata o momento en que se produza, dotámola á alza para curarnos en saúde, e tendo en conta que si ben o contrato recollía a cláusula de cancelación, estou esperando que pola entidade bancaria teñan a ben flexibilizar a mesma e rebaixar algo a cantidade por ese concepto.

Debe destacarse así mesmo que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, con esta modificación orzamentaria, cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (75/2014 a 175/2014).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Álvarez polo decreto nº 78, relativo a unha modificación no obradoiro de emprego, manifestando o Sr. Alcalde que fíxose una modificación no proxecto do obradoiro de emprego a requirimento da Consellería de Traballo e Benestar.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 13 E 27 DE MARZO, 10 E 24 DE ABRIL E 8 DE MAIO DE 2014.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar,

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,